

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN  
ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE OUTUBRO DE 2014.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.



**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Aprobase a acta núm. 42/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 6 de outubro de 2014 e procedeuse á súa transcrición ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER** licenza de obra para a construción dunha vivenda **unifamiliar** illada vinculada á explotación gandeira nunha parcela próxima ó lugar de Maceira, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal en concepto de ICIO.

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER** licenza de obra para a “Construción de galpón” nunha parcela denominada “Zarra de Lobo” no lugar de Bermés, parroquia de Bermés de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal en concepto de ICIO.



Secretaría Xeral

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**3.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a adaptación de local para tenda de ultramarinos no lugar de Vistalegre 8, parroquia de Soutolongo, de Lalín, con efectos dende o 06 de outubro de 2014 e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**3.2.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para restauración de muro de peche sito no lugar de Carretera, nº 25, da parroquia de Vilatuxe, de Lalín, con efectos dende o 10 de outubro de 2014 e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

### **4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**4.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista “**ALTAIR INGENIERÍA Y APLICACIONES, S.A.**” o contrato administrativo denominado “**SERVIZO DE MANTEMENTO DO CEIP XESÚS GOLMAR**” (CSE022012). Esta prórroga terá unha duración de dous (2) anos e, en consecuencia, estenderase desde o día 17 de outubro de 2014 ata o día 16 de outubro de 2016.

### **5.- FACTURAS E CONTAS.**

**5.1.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **196.482,65 €**.

### **6.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**6.1.-** Acordouse proceder á devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal por **D<sup>a</sup>. Milagros Rodríguez Vilariño**, por importe de 2.300 €, como garantía para responder dos “*Posibles danos xerados polas obras realizadas na vivenda sita na Avda. Buenos Aires, núm. 24-Lalín.*”

### **7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**7.1.-** Acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a **subvención para a promoción do uso da lingua galega** e que se desenvolveron as actividades denominadas “Concurso de Marcapáxinas 2014” e “A última viaxe do afiador”,



Secretaría Xeral  
e aprobar a conta xustificativa de dita subvención.

**7.2.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade, por importe total de 149,63 €, desagregada en:

- 37,00 € a aboar directamente á empresa Gas Natural Fenosa.
- 112,63 € a aboar á empresa Espina y Delfín, S.L.

**7.3.-** Acordouse a concesión de **axudas relativas ao programa de bonificación para o uso de transporte para cursar ciclos formativos de grao superior** para o curso 2014/2015.

**7.4.-** Acordouse **unha alta e unha baixa no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas**.

**7.5.-** Acordouse **unha baixa e unha redución voluntaria horaria no SAF** para persoas en situación de dependencia.

**7.6.-** Acordouse aprobar as **liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia** correspondente ao mes de SETEMBRO de 2014.

**7.7.-** Acordouse aprobar as **liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca**, correspondente ao mes de Setembro de 2014.

**7.8.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 352 €/mes, máis 73,92 € de IVE, con destino ó servizo docente para o desenvolvemento da Escola Deportiva Municipal de Natación Sincronizada e contratar con D<sup>a</sup>. Tania Quintas García a realización do servizo descrito, polo período comprendido dende a data desta contratación ata a finalización da temporada 2014-2015 da Escola Deportiva, previsto para finais de xuño de 2015, con suxeición ó réxime dos **contratos menores de servizos**.

**7.9.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 21.180,20 €, IVE incluído, e contratar coa empresa Electricidad Femán, S.L. as obras de **"MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN VILATUXE, SANTISO, DOADE, ABELENDIA E FILGUEIROA"**, conforme ó disposto no Proxecto da Obra e a oferta formulada pola citada empresa con suxeición ó réxime dos contratos menores de obra.



Secretaría Xeral

**7.10.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** nº 08/2014 con carácter provisional e polo prazo dun ano.

**7.11.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 10.839,00 €, IVE incluído, e contratar coa empresa MICRODEZA INFORMÁTICA SLNE o **subministro do material informático necesario para o equipamento da aula de informática do local social de Goiás**, con suxeición ao réxime dos contratos menores de subministros.

**7.12.-** Acordouse **aprobar as bases de selección para a contratación dun recepcionista para o complexo deportivo multiusos Lalín-Arena.**

**7.13.-** Acordouse **aprobar as bases de selección para a contratación de 2 operarios/as de limpeza para o complexo deportivo multiusos Lalín-Arena.**

## **8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**8.1.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente con placa nº 154, ubicado no, nº 8, da rúa Z, e acordouse utorizar dito cambio de titularidade.

**8.2.-** Acordouse conceder autorización a interesado para o **acceso e exame do expediente de edificación** dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Vilariño, parroquia de Santiso, Lalín.

**8.3.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Economía e Industria-Dirección Xeral de Comercio-Xunta de Galicia** co que achegan a resolución da Directora Xeral de Comercio, autorización a aplicación das tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi para Lalín.

=====

